

Paco "reparteostias"



- Oes!, seica Paco mallou a súa muller
- Algo faría oh !
- Non fixera de comer - dixo Manuel.
- Merecíaio ! - dixo malencarado Xosé.

Paco pasou ao lado de Manuel e Xosé xa que ese era o camiño da taberna á súa casa .

Cando Paco chegou á casa, moi borracho, Erminda , a súa muller , estaba no salón vendo unha película. Paco enfadouse, xa que, a cea non estaba feita, e el tiña fame .

Paco entrou no salón e empezou a berrar con ela . Os berros convertíronse en ostias . Finalmente Erminda quedou malferida e sen

saber que facer .

Ao día seguinte todos os moratóns de Erminda desapareceron grazas á maxia da maquillaxe . Pero os recordos seguían e Erminda non era capaz de mirar a Paco aos ollos , xa que lle tiña moito medo .

Despois de meses Paco seguía pegándolle , ata que ela lle contou a unha amiga todo o que estaba acontecendo . A súa amiga díxolle que o denunciara , ela fíxolle caso e decidiu denunciálo canto antes .

Cando chegou á casa, o seu marido aínda non chegara, así que, decidiu subir á habitación e chamar ao 116. Estaba contándolle todo canto lle ocorrera á persoa que estaba ao teléfono, ata que chegou Paco e este decatouse de que o quería denunciar , así que decidiu agarrala e empezoulle a pegar primeiro na cara e despois na barriga , ata que lle empezou a saír sangue pola boca , alí foi cando Paco a estampou contra a mesa e tirouna ao chan .

Nese momento Erminda morreu . Paco tirouna ao pozo con pedras na barriga para que ninguén a encontrara e foise vivir a Rusia .